Ferrol
CULTURA

ABRIL
PROGRAMACIÓN
XUÑO
2025

XUNTA
DE GALICIA

REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

Deputación
DA CORUÑA

FERROL

PROGRAMACIÓN CULTURAL

ABRIL


3
ABR
XAN VIAÑO
Orquestra de Grao Profesional
Banda de 3º a 6º de Grao Profesional

Concerto da Orquestra e a Banda do Conservatorio de Música Xan Viaño con obras de Mª Teresa Agnesi, Andrés Gaos Berea, Georg P. Telemann, Jan Van der Boost, Robert W.Smith e Pere San Alcover.

Concerto alumnos CMUS Xan Viaño
Sociedad Filarmónica Ferrolana
Auditorio | 20.00h | Gratuíto
Clásica

TODO LO POSIBLE
4
ABR

Espectáculo que aborda o impacto do éxito nos artistas a través dos malabares, a maxia escénica, a música en directo, o son, o texto, a iluminación, as vídeo proxeccións e as experiencias da compañía.

Todo lo posible
Nueveuno circo
Jofre | 20.30h | 5 €
Circo

compaña
6
ABR

Un personaxe solitario en busca de compañía explora a súa imaxinación para dar vida a cada un dos seus pensamentos, levando ao público por un camiño cheo de sorpresas e risas.

Compaña
Xampatito Pato
Jofre | 12.30h | 3 €
Ciclo Infantil

Seis destacados músicos da escena jazzísticca española e portuguesa interpretan un concerto no que destacan a variedade de instrumentos, a emoción das composicións e a creatividade.

Baldo Martínez Sexteto
Sociedad Filarmónica Ferrolana
Jofre | 20.30h | 16 € (socios 5 €)
Rock & (Fe)rrol

12
ABR
Mambo Jambo

Acompañados dunha potente sección de ventos, ofrecerán un repertorio musical envidiable cun son aínda máis potente e brillante.

El gran Ciclón
Los Mambo Jambo Arkestra
Jofre | 20.30h | Desde 12 €
Rock & (Fe)rrol

José Luis Gómez dirixe á Orquestra Sinfónica de Galicia, con Pacho Flores á trompeta, e composicións de Nani García, Roberto Sierra, Daniel Freiberg e Leonard Bernstein.

Orquestra Sinfónica de Galicia
Sociedad Filarmónica Ferrolana
Auditorio | 20.30h | 16 € (socios 5€)
Clásica

25
ABR
A SONG OF TWO HUMANS

Cineconcerto con música en directo de Ricardo Casas ao piano. 'Amanecer' narra a historia dun granxeiro que coñece a unha misteriosa muller da cidade e pon a súa vida ao revés.

Amanecer
Ricardo Casas
Jofre | 20.30h | 8 €
Cineconcerto

Rulo y la Contrabanda regresa aos teatros amosando a súa faciana máis íntima e acústica. Unha xira que lles levará a pisar os escenarios dos principais teatros e auditorios de España.

Cercanías y medias distancias
Rulo y la Contrabanda
Auditorio | 20.30h | Desde 22 €
Rock & (Fe)rrol

27
ABR
Día
Internacional
de la
Danza
2025

Nove escolas de Danza de Ferrol participan nesta gala na que se honrará a paixón, a creatividade e a conexión que a danza brinda a través do movemento.

Día Internacional de la Danza
Auditorio | 19.30h | Gratuíto
Ferrol en Danza

MAIO

A Pedreira fai unha viaxe entre a rave e a foliada, o jazz e a música disco, a danza tribal e os rituais espirituais. Concerto incluído na celebración das Letras Galegas 2025.

Basal
A Pedreira
Jofre | 20.30h | Gratuíto
Anima Mundi

Silvia Pérez Cruz y Salvador Sobral únense neste proxecto que é unha celebración de amizades e inspiracións comúns. Inclúe cancións de Jorge Drexler, Luisa Sobral e Lau Noah.

Silvia & Salvador
Silvia Pérez Cruz e Salvador Sobral
Auditorio | 20.30h | Desde 29 €
Anima Mundi

Antes de marchar para Arxentina, Daniel desaparece e a súa nai non sabe onde buscalo. Anda por Rianxo, acompañado por Baltasara, debuxando retratos para levar ao outro lado do océano.

Castelao
Culturactiva Producións
Jofre | 12.30h | 3 €
Ciclo Infantil

A Orquestra Sinfónica de Galicia interpretará obras de Maurice Ravel e Dmitri Shostakóvich, con Michael Sanderling como director e Varvara Nepomnyaschaya ao piano.

Orquestra Sinfónica de Galicia
Sociedad Filarmónica Ferrolana
Auditorio | 20.30h | 16 € (socios 5€)
Clásica

manekineko
16
MAI

Espectáculo inmersivo no que o espectador está sentado dentro do escenario. Catro persoas coinciden nun karaoke e as cancións e o alcohol mestúranse cos problemas.

Cancións amarelas, flores tristes
Manekineko
Jofre | 20.30h | 5 €
Teatro

MILLADOIRO
45
45º ANIVERSARIO
17
MAI

O 15 de maio de 1979 Milladoiro pisaba por vez primeira un escenario. Celébrase neste concerto a historia dun grupo que percorreu o mundo e recibiu recoñecementos senlleiros.

Gira 45 Aniversario
Milladoiro
Jofre | 20.30h | Desde 14 €
Anima Mundi

É o momento de volver a sentir 'Chove en Santiago', de permitir que esa 'Negra Sombra' emocione de novo. E tal vez, en 'Camariñas' brille o sol mentres unha tal 'Lela' fala de amor.

Rosa Cedrón
Jofre | 19.00h | 8 €
Anima Mundi



Cineconcerto con música en directo da artista Caliza. Película muda e de terror cunha clara vocación pacifista na que o governo militar alemán hipnotiza ao seu pobo.

El Gabinete del Doctor Caligari
Caliza
Jofre | 20.30h | 8 €
Cineconcerto

25
MAI
LOIRA
AbrAhaM CupEirO

'Loira' é un disco con temas dispares, pezas que van da euforia á meditacion, cancións que son unha antoloxía e que levan anos perdidas nun caixón, á espera de ser gravadas e gozadas delas coma agora.

Loira
Abraham Cupeiro
Auditorio | 19.00h | Desde 16€
Anima Mundi

Con Baldur Brönnimann de director e Maire- Claude Chappuis como mezzosoprano, interpretando obras de Miguel Matamoro, Héctor Berlioz e Ludwing Van Beethoven.

Real Filharmonía de Galicia
Sociedad Filarmónica Ferrolana
Auditorio | 20.30h | 16 € (socios 5€)
Clásica

Poncia, de Pentación Espectáculos, narra a historia da criada Bernarda Alba, quen fala sola e reza pola morte de Adela.

Poncia
Lolita Flores
Jofre | 20.30h | Desde 12 €
Teatro

XUÑO

6
XUÑ
VÍCTOR
ANEIROS
GIRA 25
ANIVERSARIO

Concerto para celebrar os 25 anos do primeiro disco de VIctor Aneiros, 'Que o Blues te acompañe', no que se fai unha viaxe pola traxectoria musical do artista ao longo deste cuarto de século.

Gira 25 Aniversario
Victor Aneiros
Jofre | 20.30h | 3 €
Rock & (Fe)rrol



A mestra é valiente, hábil e risueña. Cre nas capacidades dos nenos e das nenas. A mestra e a súa pequena clase construíron xuntos unha fermosa escola no bosque, con cabida para tódolos animais.

La maestra
Anita Maravilla & Portal71
Jofre | 12.30h | 3 €
Ciclo Infantil

Albert Pla reinvéntase continuamente. Neste espectáculo combina cancións clásicas cunha proposta vibrante, que mistura rumba e electrónica.

Rumbagenarios
Albert Pla & The Surprise Band
Auditorio | 20.30h | Desde 22 €
Rock & (Fe)rrol

Cineconcerto con Jazz on five en vivo. Considerada coma unha das 100 mellores películas de tódolos tempos. Dirixida e interpretada polo xenial Buster Keaton.

El Maquinista de la General
The Jazz on Five
Jofre | 20.30h | 8€
Cineconcerto

Quinto álbum desta banda no que profundizan nas músicas de ida e volta, e confirmando que se pode facer música sabrosa, bailable e á vez poética, profunda ou combativa.

Escorpiano
Pedro Pastor y Los Locos Descalzos
Jofre | 20.30h | Desde 8 €
Rock & (Fe)rrol

Entradas e **información**
actualizada en:
www.ferrolcultura.gal

PROGRAMACIÓN
TORRENTE BALLESTER

Programación Expositiva Torrente Ballester

Martes a sábado de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00 horas.
Domingos e festivos de 11.00 a 14.00 horas. Luns pechado.

- *Sala Álvarez de Sotomayor*

Gonzalo Torrente Ballester. A travesía dun creador. Do 7 de marzo ao 11 de maio

"Coincidindo có vixésimo-quinto cabodano do pasamento de Gonzalo Torrente Ballester. Esta exposición celebra a súa particular maneira de entender o mundo e a plasmación desta nas súas obras, capaz de combinar lirismo, xogo e humor, e que o converte nunha das principais figuras da literatura española do século XX."

Sergio Vázquez. Exposición Antolóxica A partir do 30 de maio

"Percorrido pola obra do artista ferrolán Sergio Vázquez con paradas especialmente nas súas escultopinturas, representativas dunha vangarda agresiva, que emocionan e inquietan a partes iguais; así como na súa última etapa, protagonizada por exquisitos traballos de composicións complexas realizados fundamentalmente en grafito."

- *Sala Bello Piñeiro*

Orixes III. Do 31 de xaneiro ao 20 de abril

"Esta mostra é un repaso aos traballos realizados a través da Cátedra de Arqueoloxía da Universidade da Coruña no Castro de Esmelle durante o verán de 2024, onde poderemos ver tamén os materiais descubertos ata o momento no mesmo."

- *Sala de proxectos*

Os traballos de Hércules. Do 21 de marzo ao 20 de abril

"Comisariada por José Ramón Soraluce Blond e organizada pola da Real Academia Galega de Belas Artes, esta mostra forma parte dos actos programados co gallo do 175 Aniversario da fundación da Academia. Trátase dunha itinerante composta por 16 gravados orixinais sobre «Os Traballos de Hércules», copiados da serie de pinturas que o artista italiano Luca Giordano realizou para Carlos II no Casón del Buen Retiro de Madrid. Realizados pola Calcografía Nacional en Madrid (h. 1790)."

Carolina Martínez. Tebasake y sake caliente. Do 25 de abril ao 25 de maio

"Cando o teu imaxinario persoal está impregnado de referencias orientais, viaxar cara o oriente é todo un reto para os sentidos. Nunha viaxe que surxe do desexo, contrapoñer ao longo dos días a idea de como construímos o desexo a través do outro, non deixa de parecer un paralelismo case mimético coa construción que temos feito dende occidente. Este traballo é unha viaxe pola reconstrución da propia identidade a través do recoñecemento do desexo e da paisaxe como unha proxección dun mesmo".

Clásicos inéditos en versión española

Proxeccións ás 20.30h, de entrada libre ata completar aforo

El código penal

20.30h | > 13 anos

Crimen

28
MAI
CARA CORTADA

Cara cortada

20.30h | > 14 anos

Policíaco


25
XUÑ
El Acantilado de la Muerte

El acantilado de la muerte

20.30h | > 12 anos

Suspense paranormal

Os Xoves da Capela



Banda de swing viguesa que interpreta cancións de todos os tempos, pasadas polo seu filtro vintage, transportando así ao público á época dourada dos anos 50.

Cherry Sweet

20.30h | 3€

Quinteto que se move no espectro do jazz fusión, ofrecendo algúns dos sons máis innovadores do xénero dentro da escena nacional.

Demo Rumudo

20.30h | 3€

Proxecto audiovisual que nace da unión do versátil artista Sokram, o produtor parisino Coio e o artista visual A.L. Crego, pioneiro do gif art e con gran recoñecemento internacional.

Cemento Musgo

20.30h | 3€

CINES DUPLEX

Petís Duplex 2025

As funcións terán lugar os domingos ás 12.00 horas.

Entrada de balde no despacho de billetes do cinema
15 minutos antes de cada sesión

6
e
20
ABR

¡Hola, Frida!
Karine Vézina, André Kadi
Duración: 82´
Ano: 2025

13
e
27
ABR

El gato Tabby
VVAA
Duración: 50´
Ano: 2024

4
MAI

O Circo
Charles Chaplin
Duración: 72´
Ano: 1928